

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E EL PROGRESO DE LUGO S.L., PARA O DESENVOLVEMENTO E DIFUSIÓN DE ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN NOS CENTROS DOCENTES

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 112/2020, do 6 de setembro (Diario Oficial de Galicia número 181, do 7 de setembro) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, así como o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .

Dona Blanca García Montenegro, con DNI nº 33.765.657-R actuando en nome e representación da compañía mercantil "El Progreso de Lugo, S.L.", C.I.F. nº B27000637, en virtude da elevación a público dos acordos sociais, realizados mediante escritura pública o día 5 de xaneiro de 2007, ante o notario do Ilmo. Colexio de Galicia con residencia en Lugo, Don Juan Barrios Álvarez, baixo o n.º 31 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade é conforme o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras



entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

**Segundo.-** Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Terceiro.-** Que as partes son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

**Cuarto.-** Tendo en conta a gran repercusión e difusión social que teñen os medios de comunicación, son instrumentos moi eficaces para o aprendizaxe de habilidades e capacidades comunicativas do alumnado que resultaranlles imprescindibles, tanto no ámbito privado como no profesional. Trátase da escóitaa, a empatía, a comunicación non verbal e a claridade. O aprendizaxe de técnicas comunicativas é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos que lles permitan interactuar na sociedade.

Tamén a súa colaboración é imprescindible para dar a coñecer a labor e actuacións que no ámbito do aprendizaxe comunicativa se desenvolve nos centros educativos de forma que poida ser comprendido da mellor maneira posible pola cidadanía.

**Quinto.-** Que a EXM, entidade oficial de control de audiencias que elabora as estatísticas dos medios de comunicación, na 2ª quenda do ano 2021 estimou que El Progreso de Lugo tiña uns 68.000 lectores diarios e a área de influencia onde conta cun gran número de lectores é a provincia de Lugo.



Na súa liña de información en temas de actualidade, quere participar e colaborar no desenvolvemento de programas educativos como instrumento de formación complementaria do alumnado galego.

**Sexto.-** Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento e difusión de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a dar a coñecer aos galegos as actividades formativas e divulgativas que se executen nos centros docentes da nosa Comunidade Autónoma.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración técnica e económica entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e El Progreso de Lugo, S.L. para a difusión das accións que no ámbito formativo e comunicativo se executen cos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia.

### **Segunda.- Compromisos das partes**

1. El Progreso de Lugo, S.L. comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Certame de debuxo e redacción no que os escolares da provincia de Lugo exporán por que pensan que a Ribeira Sacra merece ser declarada Patrimonio da Humanidade e a celebración dun foro sobre " Escolas do Rural" para poñer en valor o traballo no ensino rural.

Destas accións darase difusión nas edicións en papel e outros soportes propiedade de El Progreso de Lugo, S.L.



- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Consellería para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

## 2. Serán obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información, responsabilizándose a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dos datos e documentación que facilite para a execución do convenio.
- A Consellería comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.



### Terceira.- Orzamento e financiamento

A achega que fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para posibilitar a realización das actuacións recollidas na cláusula anterior será de **29.417,64€** con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.640.0, proxecto 2015 432, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2021.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

### Cuarta.- Resultados conxuntos

O material xerado pola realización das actividades obxecto deste convenio será de titularidade e uso común das partes asinantes, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, o protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes poderán usar o material realizado ao abeiro deste convenio para fins de interese público, de xeito gratuíto e co consentimento expreso da outra parte. Farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprometése a facer mención da outra parte deste convenio.

### Quinta.- Xustificación dos gastos

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade procederá ao pagamento dos gastos correspondentes, a favor da entidade, unha vez que esta achegue a correspondente factura ou facturas xustificativas.

Así mesmo a entidade presentará electronicamente coa data límite do **20 de decembro de 2021**, a seguinte documentación xustificativa:

1. Declaración responsable asinada electronicamente da realización do obxecto do convenio.
2. Certificación detallada asinada electronicamente pola persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.



3. Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

A antedita documentación deberá presentarse a través da sede electrónica seguindo as seguintes instrucións:

Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) figura, na guía de procedementos e servizos, o modelo de solicitude co código do procedemento: **PRO04A** (ANEXO I: presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado).

Para os efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados durante o período de vixencia do convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, diminuírase proporcionalmente.

A entidade asinante deste convenio responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

#### **Sexta.- Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Sétima.- Publicidade**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.



Así mesmo, a entidade acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

### **Oitava.- Comisión de seguimento**

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Novena.- Modificación e resolución do convenio**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- Transcurso do prazo de vixencia sen acordarse a súa prórroga.
- Acordo unánime de todos os asinantes.
- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



### **Décima .-Réxime xurídico e xurisdición competente**

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das administracións públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

### **Décimo primeira.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF



que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Décimo segunda.- Protección de datos de carácter persoal**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo terceira.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Consellería

O conselleiro

P.D. (Orde 9-02-2021)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Por El Progreso de Lugo S.L.

Blanca García Montenegro

